

BASES DO XXI CERTAME DE NARRATIVA CURTA DO CONCELLO DE CURTIS “O EXAME”.

1. Convócase o XXI Premio de Narración Curta do Concello de Curtis que este ano terá como temática “O EXAME”, dirixido a persoas de calquera procedencia a excepción dos premios locais, que estarán reservados a participantes vinculados co Concello de Curtis por nacemento, residencia, estudo ou relación laboral con empresas ou centros con sede física no termo municipal.
2. Os traballos presentados deberán estar escritos en lingua galega.
3. Os textos deberán ser orixinais, inéditos, e non premiados en ningún outro certame.
4. As persoas participantes comprométese a non empregar sistemas baseados na IA para a totalidade da escritura do relato.
5. Deberán enviarse escritos en formato tipo Word e cunha extensión comprendida entre os 3.000 e os 5.000 caracteres (espazos incluídos).
6. Enviaranse á seguinte dirección de correo electrónico: relatoscurtis@gmail.com
7. Achegarase, na última folla do mesmo documento, unha copia escaneada do DNI, enderezo, teléfono de contacto, indicando a categoría na que se participa. No caso de presentarse á categoría local, deberá presentar declaración xurada do vínculo que o une ao Concello así como autorizar a éste á realización das comprobacións oportunas.
8. **A data límite de entrega é o 20 de outubro de 2026.**
9. Establécense dúas categorías:
 1. A- dos 12 anos aos 17 anos.
 2. B- dos 18 anos en diante e tres premios en metálico para cada categoría:

Categoría A:
 - 1º premio de 400 euros
 - 2º premio de 200 euros
 - Premio local de 400 euros
Categoría B:
 - 1º premio de 700 euros
 - 2º premio de 300 euros
 - Premio local de 700 euros
10. Os traballos que non cumpran as presentes bases quedarán fóra de concurso.
11. Os premios estarán suxeitos á retención oportuna que resulte da aplicación da lei vixente en materia de rendas de persoas físicas no momento da súa concesión.

12. O xurado, que estará composto por membros de recoñecido prestixio dentro do mundo da cultura, resérvase o dereito de outorgar un premio compartido en calquera das categorías se así o considera.
13. Os traballos premiados pasan a ser propiedade do Concello de Curtis, que se reserva o dereito de publicación a través dos medios que considere oportunos e sen afán de lucro.
14. Convidarase ás persoas premiadas ao acto de entrega que terá lugar no mes de decembro e no que se agarda a súa asistencia ou a dunha persoa autorizada.
15. A presentación das obras supón a aceptación destas bases.